


PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DE GALICIA

1er informe de seguemento



Obxectivos da política enerxética da Xunta de Galicia:

- Reducir a dependencia enerxética exterior
- Diminuír a emisión de contaminantes atmosféricos
- Reducir a intensidade enerxética



É **necesario actuar na demanda** enerxética e potenciar o uso racional da enerxía

Un dos sectores nos que se pretende incidir de xeito notable é no **sector público**, polo seu potencial de aforro existente e polo seu papel exemplar que representa.



Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética na Administración Pública de Galicia

Estratexia de aforro: Coordinar as actuacións dos diferentes organismos públicos en materia de aforro enerxético.

Realizar un **programa de auditorias e proxectos** de aforro e eficiencia enerxética e implantación de renovables.

Objetivo de aforro enerxético: 20%

Realizar un **seguimento dos aforros** enerxéticos acadados.



Dende o Inicio do Plan o Inega asinou **acordos de coordinación con diferentes organismos (C. Sanidade, C. Presidencia, S.X para o Deporte, Portos de Galicia)** para o asesoramento en materia de aforro e implantación de enerxías renovables

Próximamente asinaranse acordos con outros departamentos (Consellería de Traballo e Benestar...).

Actuacións previstas no ano 2012

- 1.Elaboración **Normativa de Aforro e Eficiencia Enerxética**: boas prácticas uso racional enerxía, modelos pregos contratación de servizos enerxéticos ...
- 2.Creación dun **Servizo Web de información do Plan de Aforro**
- 3.Campaña de **Divulgación**: Concienciación dos usuarios e xestores dos edificios públicos sobre técnicas de aforro e eficiencia enerxética.

Fases das actuacións de aforro e eficiencia enerxética

1ª Fase (Xaneiro 2011-Decembro 2011). Realización de **estudos enerxéticos**.

2ª Fase (Xaneiro 2012-Xuño 2013). **Execución dos proxectos** de aforro e eficiencia enerxética

3ª Fase (Xuño 2013-Decembro 2013). Comprobación dos **resultados**


Estudos enerxéticos

Finalizada

Realización de auditorías e diagnoses enerxéticas en **107 edificios públicos de diferentes usos.**

- Análise dos **consumos e gastos**
- Proposición de **medidas de mellora** de eficiencia enerxética
- Posibilidade de **implantar sistemas que aproveiten recursos renovables** e instalacións de **coxeración.**

Edificios estudados por usos




Superficie total dos 107 edificios analizados: **1.200.000 m2.**

> **60%** da superficie corresponde a **centros sanitarios**


Estudos enerxéticos. Análise dos consumos

Consumo total dos 107 edificios analizados: **310.359 MWh/ano.**
(maior consumo en centros sanitarios seguido dos centros administrativos)

Distribución do consumo enerxético dos edificios estudados



Consumo de enerxía por m2




Consumo por unidade de superficie varía en función dos usos:
Centros sanitarios: **350 kWh/m2**
Centros deportivos: **85 kWh/m2.**

Estudos enerxéticos. Análise dos gastos

Consumo total dos 107 edificios analizados: **24,8 M€**

- **72% enerxía eléctrica**
- **14% gasóleo**
- **14% gas natural**
- **1% propano**



Gasto por unidade de superficie varía en **función dos usos:**

Centros sanitarios: **27 €/m2**
(maior valor do rateo)

Estudos enerxéticos. Potencial de aforro anual



Potencial de aforro en **consumo**: **68.000 MWh/ano**

Potencial de **emisións de CO2 evitadas**: **20.800 toneladas**

Potencial de **aforro en gasto** primeiro ano: **6,5 M€**

Coas conclusións derivadas destes diagnósticos e auditorías enerxéticas, cos que se finaliza esta primeira fase do *Plan de Aforro*, **estase a elaborar un *Estudo sectorial dos edificios públicos da Xunta de Galicia***, co que se pretende coñecer a estrutura do consumo e do gasto de enerxía dos edificios en función do seu uso e **extrapolar as medidas de aforro e eficiencia enerxética** e os resultados obtidos dos estudos realizados.

Execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética

Criterios para definir os centros

para acometer os proxectos:

- Potencial de **aforro**
- **Instalacións obsoletas**
- **Fontes de enerxía**

dispoñibles que incrementen o aforro enerxético e reduzan o gasto de enerxía.

- Modelos de financiamento

O Inega:

- **Asesora Técnicamente e Xurídicamente** aos diferentes órganos de contratación dos servizos enerxéticos
- **Apoia economicamente** a execución das medidas de aforro e eficiencia enerxética

Execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética

Ano 2012:

1. Previsible **licitación e adxudicación** de todos os contratos de servizos enerxéticos co obxectivo de dinamizar o mercado de servizos enerxéticos e polo tanto cumprir coa **Directiva 2006/32/CE sobre uso final da enerxía**.
2. Ademais dos proxectos de servizos enerxéticos mencionados está previsto que se materialicen **outros investimentos con apoio económico do Inega**:
 - Proxecto piloto de implantación de tecnoloxía eficiente de **iluminación pública exterior dun Porto (Celeiro)** en colaboración con Portos de Galicia: **20.000 €**.
 - Proxecto de implantación dunha **caldeira de biomasa no hospital de Monforte**: **100.000 €**.
 - Proxecto de mellora da eficiencia enerxética da **envolvente térmica de centros hospitalarios**: **200.000 €**.

Seguimento dos resultados


Implantación dun **sistema de xestión enerxética centralizado** na Xunta de Galicia: Os responsables enerxéticos das distintas consellerías e dos centros consumidores terán acceso aos principais datos enerxéticos das instalacións.

En 2012 levarase a cabo a **primeira fase do proxecto**:

- 1.- **Medicións das curvas de carga dos centros** piloto antes da implantación das medidas de aforro.
- 2.- Realización dunha **Plataforma de control dos consumos enerxéticos** dos edificios.
- 3.- **Medición e avaliación dos resultados de aforro** enerxético unha vez implantadas as medidas.

Seguimento dos resultados. Sistema de xestión centralizado.

Plataforma de control



Conclusións. Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética 2011-2013:

1. **Coordinación** entre diferentes departamentos:



Estratexia común
Acordos de coordinación

2. **Finalización da primeira fase**

107 **estudios enerxéticos** en edificios públicos.


3. **Inicio dos proxectos**

Investimentos de 25 M€

Apoio económico do Inega de **3,7 M€**

Aforros estimados de 6,5 M€ no primeiro ano.

Resultados esperados:



Coa licitación da totalidade dos proxectos incluídos nesta fase do plan, o potencial de aforro económico esperado nos próximos 9 anos ascende a máis de 92 M€.